

Extractos da introdución ao guión de *Bambule* escritos por Ulrike Meinhof para a edición alemá de Klaus Wagenbach. (*Bambule*, Meinhof, Ulrike; Wagenbach, 1970). A única tradución ao español *Bambule: ¿rehabilitación social, para que?* (Icaria, 1978; tradución de Francesca Martínez) está fóra de circulación desde hai anos. Non se sabe de traducións ao galego ou ao portugués.

Tradución do texto en castelán aparecido en:
<http://www.rebeldemule.org/foro/cine/tema12176.html>

O número de mozas nos correccionais non é moi alto. O internamento das menores nun reformatorio precisa do consentimento dos pais, que cando desexen poden sacalos, se así queren. Para estas adolescentes non hai diferenza entre o correccional e o reformatorio, o trato é exactamente o mesmo.

Para o correccional van mozos e mozas proletarias. As familias burguesas case que non teñen trato coa Oficina Tutelar de Menores. A Asistencia Social non ten que ver coa burguesía. O que é unha desgraza para o proletario – baixos ingresos, familias numerosas, vivenda pequena – a familia burguesa arránxao recorrendo ao favor do veciño, dos parentes ou mediante unha cartilla de aforros – a familia burguesa é digna de crédito e solvente. Se o pai enferma, os prazos seguen a pagarse. A familia tampouco se desintegra se é que a nai tolea e xa non leva a casa.

O padroado de Protección da Infancia ten para a familia proletaria dúas funcións: aliviar de obrigacións á familia proletaria e disciplinar a estes mozos e mozas. Mais o correccional non cambia nada as circunstancias que fixeron saír do bo camiño a este mozo ou moza. Á Oficina

Tutela de Menores non lle importa nada que o posto de pinche sexa insalubre: o único que considera é que este menor un día abandonouno. Que a casa sexa pequena de máis e o número de irmáns grande de máis, que nesas condicións non podan facer as tarefas da escola, é unha cousa que á Protección de Menores tanto lle ten; non obstante, a mesma Protección de Menores pon todo o seu esforzo cando o mozo ou moza deixa de ir á escola con regularidade, cando roubou algo - independentemente dos motivos que tivese e de se levaba uns cartos para ir tirando -, cando a moza adolescente saíu para facer a rúa e daquela poder mercar o que lle manda mercar a publicidade.

Ao proletario mozo que non quere renunciar aos privilexios doutros, ameázanos co correccional. Se por calquera cousa tentou mellorar a súa situación, recorrendo a iniciativas individuais de máis e liberadoras, o castigo é a educación preventiva.

A educación nun correccional non mellora a maldita situación do proletario menor de idade, o que fan é forzalo a conformarse coa situación. Se é o caso de que os pais non conseguen mediante a forza que o fillo ou filla se adapte, daquel o Estado intervén e, usando as súas prerrogativas, ordena que o menor ou a menor estean baixo tutela.

Os correccionais son o criado do sistema, o pao duro co que lle aprenden aos mozos e mozas que non ten sentido opoñerse e aspirar a outra cousa, que a non ser a de condena perpetua do traballo en serie, un posto de subalterno ou converterse nun receptor de ordes para toda a vida, sen posibilidade de protesta.

Coa coacción e a violencia os correccionais pretenden levar os menores polo camiño da boa conduta. É unha idea moi aceptada que esa boa conduta saída da forza – se foi aplicada tempo dabondo – convértese finalmente nun costume inseparable do individuo. Entre as medidas coercitivas está o “furado”, a prohibición dos paseos e das horas libres, a subtracción dos cartos para os pequenos gastos e a privación de tabaco.

A vida nun correccional ten unha implicación directa coa vida de fóra – cando xa o abandonaches – pola seguinte razón: as mozas chegaron ao correccional porque non se resignaron a non ter nada nin a ninguén no mundo. Mais esta etapa nel non cambiou nin minimamente as causas que as trouxeron a el. Non ter a ninguén quere dicir que na casa non hai pan nin manteiga cando volves do traballo – se é que non o mercou un mesmo. Non ter a ninguén quere dicir que non hai quen che pregunte como che foi no traballo. Non ter a ninguén quere dicir que de súpeto estás na rúa e sen cuarto, que non hai cartos, que

AS MOZAS CHEGARON AO CORRECCIONAL PORQUE NON SE RESIGNARON A NON TER NADA

ULRIKE MEINHOF

non podes pedir a ninguén nin podes pedir un anticipo. Non hai ninguén cabo de ti se é que che fan unha trampa. É dicir, non ter a ninguén significa que hai que botar o tempo nas tabernas e para ter alguén con quen falar, significa gastar os cartos, trasnoitar e que finalmente un xa non sabe porque vive.

Foron uns anos decisivos nos que as outras mozas deixaron a casa dos pais, coñeceron outra xente e fixeron contactos noutras partes, mentres elas estaban no correccional, onde é imposible que amizades que duren nin cos educadores nin coas colegas. Un correccional quere dicir cambiar de fogar, separarse dos amigos de sempre, coñecer outros novos dos que logo tamén te separas. Amigos-separación, separación-amigos. Os psicólogos din que esa inseguridade e falta de fogar incapacitan ao individuo para as relacións cos demais. O correccional é a imposibilidade total de chegar a uns lazos sólidos e que duren. As mozas do correccional non reciben instrución algunha. Traballan na lavandaría, pasan o ferro, na cociña, xardín e cosendo por vinte céntimos de marco por hora.

Entre as discriminacións que sofren estas mozas está a de non teren a confianza de ninguén. Iso non só lles pasa a elas, senón aos seus pais e amigos. Nunha sociedade clasista a pobreza é unha vergoña que é considerada case criminalidade. Os pobres non dan confianza. Logo, todo canto se diga aquí será visto como inverosímil; no entanto, os funcionarios e os demais burócratas serán os que lle dean a volta á verdade que constará nos rexistros e nas actas oficiais.

Nas actas queda escrito o que pode prexudicar ás mozas, polo menos para quen escribe esas actas. Consideran un fracaso persoal das mozas deixaren as casas onde traballaban como empregadas do fogar, porque eran explotadas de mala maneira. Se por un casual estaban ocupando un posto de pinche para aprender un oficio e o mestre do taller se deitou con elas, iso é interpretado como unha falta de integridade moral da moza.

A violencia crea contra violencia e unha presión vén logo doutra presión de signo contrario. Os actos de rebeldía dentro dos correccionais desenvólvense sempre dunha maneira espontánea e sen organización, sen planificación; así van ao chou a rebelión, oposición, o motín ou a "Bambule". A historia de Irene é unha historia de nenos, unha argallada que acaba coa intervención da policía e co "furado". Todo o que é visto como un abuso no correc-

cional, reflicte xustamente os principios que o rexen e a súa posta en práctica. A adaptación e a disciplina son uns obxectivos primordiais e coa porta pechada todo está permitido. Cal vai ser a reacción de quen lea todo iso ou de quen oia falar diso? No relativo á utilidade desta denuncia, as mozas dos correccionais son moi escépticas.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

OUT
2017

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
① cineclubedecompostela.blogspot.org
facebook.com/cineclubedecompostela
@cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

MÉRcores 4

Arrabaldes

(Украина [Okraina], Boris Barnet, URSS, 1933, 98', VOSG)

MÉRcores 11

Cinema-Verdade 21º: Lenin

(Кино-Правда 21ая: Ленинская [Kino-Pravda 21aia: Leninskaia], Dziga Vertov, URSS, 1925, 23', VOSG)

Turksib

(Турксиб [Turksib], Viktor Turin, URSS, 1929, 77', VOSG)

MÉRcores 18

25 de outubro, o primeiro día

(25e - первый день [25e - pervyy den], Yuriy Norshteyn / Arkadiy Tyurin, URSS, 1968, 8', VOSG)

Carta de Siberia

(Lettre de Sibérie, Chris Marker, Francia, 1958, 57', VOSG)

MÉRcores 25

Bambule

(Bambule, Eberhard Itzenplitz, RFA, 1970, 90', VOSG)